



**(S8)<sup>x</sup>**

**MOSTRA  
DE CINEMA  
PERIFÉRICO**

**31/05-09/06 2019  
A CORUÑA SPAIN  
[www.s8cinema.com](http://www.s8cinema.com)**

## SINAIS EN CURTO

Sinais en Curto convida unha vez máis a descubrir ou a facer repaso dalgunhas das pezas máis interesantes feitas por cineastas de Galicia no último ano. Un territorio no que parece que nunha houbo seca no que á creación audiovisual fóra do canon se refire. O percorrido que propoñemos este ano configura unha especie de historia subterránea de migración, unha peza crave da identidade e o espírito desta terra. Un percorrido que arrinca na illa de San Simón, na que a celebración do festival Sinsal dá pé á creación dunha peza que se estende máis aló do rexistro cara a rexións poéticas e evocadoras. *Ilha*, de Alexandre Cancelo (tamén presente en Sinais con *7 limbos*, codirixida con Berio Molina), crea e recrea a través dun dispositivo sonoro as voces dun pasado incerto. *A auga branca*, da veterana Margarita Ledo, fainos chegar desde a súa peza o eco de quen se foi da terra para non volver, e que lembra desde Extremadura a Galicia e ás súas fontes de auga branca. A emigración desde o presente é o que aborda *Stockroom*, de Sol Mussa Juane, coa sombra do Brexit axexando Europa. Unha peza que trata a imaxe de vídeo desdoblándoa e dándolle outra dimensión, mostrando como vive o migrante hoxe en día. *Uluru*, do cineasta, escritor e investigador Alberte Pagán, é un punto de inflexión na sesión, a través da súa construción dunha posible arquitectura do espazo a través do cinema, e da memoria presente dunha viaxe a un sitio sacro. Con *Cómo desaparecer*, de Carlos Martínez-Peñalver, emprendemos o camiño de volta cara a Galicia, un camiño no que regresar é unha forma de desaparecer. Adrián Canoura, pola súa banda, o que fai en *Rexistros*. *Xeografía de San Sadurniño* é retratar os espazos baleiros co deixaron os que se foron tras de si, a través da súa experimentación sensorial co vídeo analóxico. Pecha a sesión *Irmandade*, nova peza de Helena Girón e Samuel Delgado, que co seu distintivo halo esotérico retratan aos que quedaron, nunha procura da esencia do espírito das revoltas pasadas dun pobo combativo.

## SINAIS EN CURTO

Sinais en Curto invites us once more to discover or review some of the most interesting works made by Galician filmmakers in the last year. A territory which never seems to lack inspiration to create audiovisual works outside the canon. The journey we propose this year traces a sort of subterranean history of migration, a key of the identity and the spirit of this land. A tour that starts on the San Simón Island, where the celebration of Sinsal festival inspired the creation of a piece that goes beyond the record towards poetic and evocative lands. *Ilha*, by Alexandre Cancelo (also in Sinais with *7 limbos*, co-directed by Berio Molina), creates and recreates through an antique sound device the voices of an uncertain past. *A auga branca*, by the veteran Margarita Ledo, brings us the echoes of someone who left the land for never coming back, and who remembers Galicia and its white waters from Extremadura. Migration from the perspective of the present is what *Stockroom*, by Sol Mussa Juane, approaches, with the shadow of Brexit haunting Europe. A piece that manipulates video images unfolding them and giving them another dimension, showing how today's migrant people live. *Uluru*, by the filmmaker, writer and researcher Alberte Pagán, is a turning point in the program through its construction of a possible architecture of space



*Cómo desaparecer*, Carlos Martínez Peñalver, 2019

through cinema, and of the present memories of a trip to a sacred place. We come back to Galicia with *Cómo desaparecer*, by Carlos Martínez-Peñalver, a way in which returning is a way of disappearing. In *Rexistros*. *Xeografía de San Sadurniño*, Adrián Canoura portrays the empty spaces that left those who left, through his sensorial experiments with analog video. *Irmandade*, the new work by Helena Girón and Samuel Delgado, closes the program. With their distinctive esoteric halo they make a portrait of the ones who stayed, in a quest of the essence of the spirit of the past revolts of a combative people.

**Agradecementos / Acknowledgements:** Alexandre Cancelo, Margarida Ledo, Sol Mussa Juane, Alberte Pagán, Carlos Martínez-Peñalver, Joe Fontán, Iago Seoane, Antía Suárez, Adrián Canoura, Helena Girón, Samuel Delgado, Manolo González, Carmen Suárez, Ana Estévez, Marcos Flórez, Beli Martínez.



## SINAIS EN CURTO

SÁBADO 01/06 | 18 H | SATURDAY 06/01 | 6 PM | CGAI

REPETICIÓN / REPEAT:

DOMINGO 09/06 | 19 H | SUNDAY 06/09 | 7 PM | SALA (S8) PALEXCO



*Ilha*, Alexandre Cancelo, 2019



*A auga branca*, Margarita Ledo, 2019

### Ilha

Alexandre Cancelo, España, 2019, vídeo, 10 min.

Os ecos dunha illa perviven no espazo e na memoria. As voces resoan vivas. Un momento e un lugar, os vivos son sombras que transitan entre a paisaxe descolorida da enseada. A historia pousa no presente. A historia proxecta o seu lamento. Tres trobadoras. Un aparello que atrapa a voz. Unha pintora que trae de volta a cor. "Son illas afortunadas, son terras sen ter lugar. Onde o rei mora esperando. Mais se imos despertando, cala a voz e hai só mar.

The echoes of an island remain in space and memory. Voices resonate, alive. A moment and a place, the alive are shadows that walk across the faded landscape of the cove. The history settle in the present. History project its cry. Three women troubadours. A device that catches the voice. A painter that brings back color. "They are fortunate islands, they are lands without a place. Where the king lives waiting, but if we start to wake up, the voice shuts up and there is only the sea."

### A auga branca

Margarita Ledo, España, 2019, vídeo, 5 min.

Retrato de Santa Mariña do Monte, esa parroquia ben organizada onde a auga abrolla e desaparece, onde a Virxe da Esperanza ten unha dobre na capela que non se asemella a ela, onde houbo festa, houbo morte e hai ofrendas. Un lugar que mira para ti cos ollos límpidos dunha vaca.

A portrait of Santa Mariña do Monte, this well organized parish where water overflows and disappears, where the Virgin of Hope has a double in the chapel that does not resemble her, where there were parties, there was death and there are offerings. A place that looks at us with the limpid eyes of a cow.

### Stockroom

Sol Mussa Juane, España, 2018, vídeo, 12 min.

*Stockroom* é unha curta de xénero documental feita mediante un proceso experimental. Combina imaxes sacadas cunha cámara de man do exterior londiniense co ambiente que se vive nun almacén de traballo, onde os seus traballadores teñen o seu descanso. Trata temas políticos como o gran cambio que sofre a cidade co Brexit, e como isto afecta á súa cidadanía e ao colectivo migrante. Está contado, ademais, desde unha postura subxectiva de alguén que vive a situación. A nivel visual pon en xogo o abstracto para falar da memoria, os cambios e o íntimo.



*Stockroom*, Sol Mussa Juane, 2018

*Stockroom* is a documentary short film made through an experimental process. It combines footage recorded with a small camera from London exteriors with the atmosphere of the inside of a work stockroom where workers spend their breaks. It deals with political topics such as the big change the city is suffering because of Brexit, and how this affects its citizens and its migrant collective. It is told from the subjective point of view of someone that lives the situation. In a visual level it puts into play the abstraction to talk about memory, changes and intimacy.

### Uluru

Alberte Pagán, España, 2019, vídeo, 7 min.

Imposible resistirse ao magnetismo de Uluru. Taka Limura, Paul Winkler, Phil Hoffman, os Cantrills... suficientes imaxes sobra a rocha. Cheguei a ela sen intención de filmar nin fotografar. Mais unha vez alí, como resistirse ao magnetismo da rocha, a esa inmensa parede encarnada cargada de historia e de cancións que, a pesar de ser máis baixa, simple e pequena que a veciña Kata Tjuta, te atrae cara o seu interior convidándote a fundirte con ela, a afundirte nela. Terra nativa, catedral do pobo anangu.

Imaxes tomadas cunha tableta mini iPad, seguindo a circunvalación (11 km) en sentido horario baixo unha temperatura que acadou os 42°C.

There's no way of escaping Uluru's magnetism. Taka limura, Paul Winkler, Phil Hoffman, the Cantrills — enough images of the rock. I came to it with no intention of filming or taking pictures. But once there it was impossible to resist the rock's magnetism, that huge red wall full of history and songs. Uluru is smaller, simpler and lower than the neighbouring Kata Tjuta, but even so it draws you into its core, it invites you to become one with it, to sink into it. Native land, cathedral of the Anangu.

Images taken with a mini iPad, following the 11km perimeter walk going clockwise and under a temperature which reached 107°F.



*Uluru*, Alberte Pagán, 2019

### Cómo desaparecer

Carlos Martínez-Peñalver, España, 2019, 16mm a vídeo, 5 min.

Joel decide marchar cara un territorio descoñecido, deixando ao seu paso como única pista unhas bobinas de 16mm. Unha mensaxe encriptada onde se entrevistou unha viaxe sobre o desapego e a procura dun novo vínculo coa natureza.

Joel decides to depart towards an unknown territory, only leaving behind a few 16mm reels as a hint. An encrypted message, the glimpse of a journey towards uprooting and towards the quest of a new link to nature.